

RESOLUCIÓN do 8 de febreiro de 2024 da Comisión de Selección designada para xulgar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso na categoría profesional de técnico/a de proxectos de I+D+i GI da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, convocado polo Anuncio do 26 de decembro de 2022 (DOG núm. 248 do 30 de decembro de 2022), pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio do proceso selectivo.

En sesión que tivo lugar o día 8 de febreiro de xaneiro de 2024, a Comisión de Selección nomeada pola Resolución do 10 de febreiro do 2023 do Director Xerente da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne,

ACORDOU

De conformidade co disposto na base III.1.1 da convocatoria, que o primeiro exercicio do proceso selectivo terá lugar o día 26 de febreiro de 2024, ás 16:30 horas, na aula C (Biblioteca), no primeiro andar do Centro Tecnolóxico da Carne, Avenida de Galicia nº4, Parque Tecnolóxico de Galicia, San Cibrao das Viñas 32900 Ourense.

As persoas aspirantes deberán presentarse ao exercicio provistas do NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento fidedigno que, á xuízo da Comisión de Selección, se acredite a súa identidade; así como de bolígrafo de tinta azul indeleble.

Non se permitirá o acceso ás aulas en que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

O chamamento para o exercicio será único, de xeito que as persoas aspirantes que non comparezan serán excluídas.

Ourense, 8 de febreiro de 2024

O Presidente da Comisión de Selección

Cástor José Rivero Martínez

